

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3012 *Orde PRE/296/2011, do 14 de febreiro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal.*

O Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, incorporou ao noso ordenamento a Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de maio de 2002, sobre substancias indesexables na alimentación animal.

Os valores máximos permitidos de determinadas substancias indesexables na alimentación animal foron modificados pola Directiva 2009/141/CE da Comisión, do 23 de novembro de 2009, pola que se modifica o anexo I da Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta aos niveis máximos de arsénico, teobromina, *Datura sp.*, *Ricinus communis L.*, *Croton tiglium L.* e *Abrus precatorius L.*

Mediante esta orde incorpórase a Directiva 2009/141/CE da Comisión, do 23 de novembro de 2009, a través da modificación dos números 1, 10, 14 e 15 da parte A do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, e a supresión do seu número 34.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, actual ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e o ministro de Sanidade e Consumo, actual ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, para que, no ámbito das súas respectivas competencias, logo de informe preceptivo da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, adopten as disposicións necesarias para o desenvolvemento das previsións do dito real decreto e para a actualización ou inclusión de novos anexos como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, e emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, e de acordo co ditame do Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal.*

A parte A do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, queda modificada da seguinte maneira:

Un. Os números 1, 10, 14 e 15 substitúense polos correspondentes incluídos no anexo desta orde.

Dous. Suprímese o número 34. *Crotón-Croton tiglium L.*

Disposición derradeira primeira. *Incorporación do dereito comunitario ao dereito nacional.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento interno a Directiva 2009/141/CE da Comisión, do 23 de novembro de 2009, pola que se modifica o anexo I da Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta aos niveis máximos de arsénico, teobromina, *Datura sp.*, *Ricinus communis L.*, *Croton tiglium L.* e *Abrus precatorius L.*

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de febreiro de 2011.—O ministro da Presidencia, Ramón Jáuregui Atondo.

ANEXO

Modificación da parte A do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indeseables na alimentación animal

«Substancias indeseables»	Produtos destinados á alimentación animal	Contido máximo en mg/kg (ppm) en pensos, referido a un contido de humidade do 12 %
(1)	(2)	(3)
1. Arsénico (8)	Materias primas para a alimentación animal, agás: — fariña de herbas e de alfalfa e trevo deshidratados, así como polpa deshidratada de remolacha azucreira e polpa deshidratada con adición de melazas de remolacha azucreira — fariña de palmiste obtida por presión — fosfatos e algas mariñas calcarias — carbonato cálcico — óxido de magnesio — pensos procedentes da transformación de peixes ou outros animais mariños, incluídos peixes — fariña de algas mariñas e materias primas procedentes de algas mariñas 40 (9) Partículas de ferro utilizadas como oligoelementos Aditivos pertencentes ao grupo funcional dos compostos de oligoelementos, agás: — sulfato cúprico pentahidrato e carbonato cúprico — óxido de cinc, óxido manganoso e óxido cúprico 50 100 Pensos completos, agás: — pensos completos para peixes e pensos completos para animais de peletaría 2 10 (9) Pensos complementarios, agás: — pensos minerais 4 12	2 4 4 (9) 10 15 20 25 (9) 40 (9) 50 30 50 100 2 10 (9) 4 12
10. Teobromina	Pensos completos, agás: — pensos completos para porcos — pensos completos para cans, coellos, cabalos e animais de peletaría	300 200 50
14. Sementes de malas herbas e froitos non moídos nin triturados que conteñan alcaloides, glicósidos ou outras substancias tóxicas, por separado ou en combinación, a saber: <i>Datura sp.</i>	Todos os pensos	3000 1000
15. Sementes e cascas de <i>Ricinus communis</i> L., <i>Croton tiglium</i> L. e <i>Abrus precatorius</i> L., así como os derivados da súa transformación (11), por separado ou en combinación.	Todos os pensos	10

(8) Os niveis máximos refírense ao arsénico total.

Os niveis máximos refírense a unha determinación analítica do arsénico en que a extracción se leva a cabo en ácido nítrico (5 % p/p) durante 30 minutos a temperatura de ebulición. Pódense aplicar procedementos de extracción equivalentes sempre que se poida demostrar unha eficacia de extracción semellante.

(9) Logo de solicitude das autoridades competentes, o operador responsable debe realizar unha análise para demostrar que o contido de arsénico inorgánico é inferior a 2 ppm. Esta análise reviste unha importancia particular no caso das algas da especie *Hizikia fusiforme*.

(11) Determinable, por agora, mediante microscopía analítica.»